



R

Asunción Rodríguez Zarraquiños

Adegueira

Naceu en Flariz (Monterrei) no 1970.

A súa infancia pasouna na Salgueira xunto cos seus irmáns. Foi ao colexio a Flariz, e aos sete anos comezou a estudar no María Inmaculada, facendo logo BUP e COU no IES Xesús Taboada Chivite.

Con 18 foi facer os seus estudos universitarios a Santiago de Compostela, onde estudou Filoloxía Hispánica.

No 2004 comezou a traballar nos xulgados da Coruña, pero despois dun tempo decidiu seguir o seu traballo en Vigo e finalmente, no 2011, decidiu virse para Verín e axudarlle ao seu padriño e ao seu irmán, Ernesto e Tito respectivamente, na adega familiar coñecida como Crego e Monaguillo.

Aí comezou a encargarse da parte administrativa da adega ata o día de hoxe.

Ao mesmo tempo, no 2012 nomeárona vicepresidenta da D.O Monterrei, e no 2014 presidenta, cargo que ocupou ata 2016.

Dende aquelas dedícase a tempo completo á adega familiar á que tanta ilusión e traballo puxo, e onde continúa coa parte administrativa, levando o seu irmán a produtiva. Entre os dous fan que a adega siga crescendo a bo ritmo.